

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 31 de agosto de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da primeira fase do acondicionamento da estrada PO-546 entre os puntos quilométricos 4+400 e o 4+890, de clave PO/21/120.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.*

Antecedentes:

Mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas, do 30 de agosto de 2021, aprobouse provisionalmente o proxecto de construción da primeira fase do acondicionamento da estrada PO-546, entre os pp.qq. 4+400 e o 4+890, de clave PO/21/120.10.

O obxecto do proxecto é o acondicionamento da estrada PO-546, entre os pp.qq. 4+400 e o 4+890, que consistirá na realización das seguintes actuacións: remodelación da sección transversal da estrada, ampliando os anchos das actuais beirarrúas, fresado e reposición de firme e execución de pasos de peóns sobreelevados, mellora da iluminación do treito, substitución de refuxios nas paradas do autobús, reposición de elementos de drenaxe e servizos afectados e reposición da sinalización, tanto marcas viarias como sinalización vertical.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.



Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Pontevedra (Michelena, 30, 36002 Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ([https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago Compostela, 31 de agosto de 2021

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Primeira fase do acondicionamento da estrada PO-546 entre os pp.qq. 4+400 e 4+890, clave PO/21/120.10

Concello de Pontevedra

Nº	Referencia catastral	Apelidos e nome	DNI	Situación básica do solo	Tipo de terreo	Clase de cultivo	Clasificación urbanística	Área afectada (m²)	Bens afectados	Medición (m)
1	36900A02500122	Aldao Bouzas, José	***7363**	Rural	Rústico	Carballeira	Solo non urbanizable común	11,00	Peche de postes de formigón e arame	6,50
		Pampín Rodríguez, José	***2543**							
2	36900A02500123	Aldao Bouzas, José	***7363**	Rural	Rústico	Viña secaño	Solo non urbanizable común	30,00	Peche de postes de formigón e arame	12,00
		Pampín Rodríguez, José	***2543**							
3	36900A02500124	Aldao Bouzas, José	***7363**	Rural	Rústico	Viña secaño	Solo non urbanizable común	39,00	Peche de postes de formigón e arame	14,00
		Pampín Rodríguez, José	***2543**							
4	6047006NG2964N	Fundiger, S.L.	B15487291	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	14,00	Peche de postes de formigón e arame	14,00
									Peche de celosía e poste de formigón	1,00
5	6047007NG2964N	González Fernández, Manuel	-	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	10,00	Peche de postes de formigón e arame	12,00
									Peche de murete de formigón e barra metálica	1,00
6	5845601NG2954N	Solla Pampín, Dolores	***3807**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	38,00	Peche de postes de metálicos e arame	10,00
7	5845602NG2954N	Solla Pampín, Dolores	***3807**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	106,00	Varanda metálica	25,00
									Alpendre	45,00
8	5845603NG2954N	Palmeiro Rey, María Rosa	***3441**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	51,00	Peche de postes metálicos e arame	10,00
		Palmeiro Rey, Manuel Ángel	***3885**						Alpendre	15,00
		Palmeiro Rey, José Luis	***4754**							



Nº	Referencia catastral	Apellidos e nome	DNI	Situación básica do solo	Tipo de terreo	Clase de cultivo	Clasificación urbanística	Área afectada (m²)	Bens afectados	Medición (m)
9	5845604NG2954N	Agra Rey, Adolfo	***6616**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	112,00	Peche de postes de metálicos e arame	20,00
		Agra Rey, Jesusa	***7354**						Murete	5,00
10	5845615NG2954N	Martínez Ferradas, María Concepción	***7877**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	28,00	Edificación	20,00
		Martínez Ferradas, María Teresa	***7416**						Varanda metálica	8,00
		Martínez Ferradas, Pascual	***7601**							
11	5845616NG2954N	Ferreira Pereira, Silvana Lourdes	***9847**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	15,00	Escaleiras	1,00
		Rodríguez Barboza, Adolfo	***3618**							
12	5845617NG2954N	Crespo López, Pablo	***3090**	Urbanizado	Urbano	-	Solo urbano	79,00	Edificación	25,00
		Crespo López, Sergio	***1294**						Muro de bloque	36,00
		Crespo López, Cristian	***1294**						Muro de mampostería	40,00